

tivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), no senso de suprimir o seguinte parágrafo:

«De conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega».

Segundo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

*Resolución do 11 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 50/2009 interposto por José García García.*

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 50/2009, interposto por José García García, contra a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 31 de outubro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 218, do 10 de novembro) pola cal se procede ao nomeamento como funcionarios/as do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios, dos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola orde do 29 de decembro de 2004.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2009.

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

*Resolución do 18 de xuño de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de arquivos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do xoves 10 de xaneiro de 2008).*

En sesión que tivo lugar o día 18 de xuño de 2009, o tribunal nomeado polas ordes do 8 e do 18 de setembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no Corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de arquivos, acordou:

Primeiro.-Facer pública como anexo a esta resolución, a baremación provisional da fase de concurso, con indicación da puntuación obtida polos aspirantes, de acordo co disposto na base II.3 da convocatoria.

Segundo.-De acordo co disposto na base II.3.5. da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. As reclamacións irán dirixidas ao tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de arquivos.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

María Dolores Pereira Oliveira  
Presidenta do tribunal

Puntuacións provisionais obtidas na fase de concurso do proceso selectivo de acceso ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativo de arquivos.

Acceso libre

Apelidos e nome	DNI	Base II.3.2.1.	Base II.3.2.2.	Base II.3.2.3.	Base II.3.2.4.	Total
García García, Concepción	32653211L	0	11,4	0	0	11,4
López Fernández, José Ramón	76819315M	0	0	0	0	0
Fernández Domínguez, Antonio	52472497K	0	0	0	0	0

*Resolución do 18 de xuño de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do xoves 10 de xaneiro de 2008).*

En sesión que tivo lugar o día 18 de xuño de 2009, o tribunal nomeado polas ordes do 8 e 18 de setembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para